

EROSKI COLABORA CO COMERCIO LOCAL CUN AFORRO DO 5% NAS COMPRAS REALIZADAS EN ESTABLECEMENTOS DE BARRIO COA SÚA TARXETA DE PAGAMENTO EROSKI CLUB

- **O obxectivo deste acordo é apoiar o comercio de preto e incentivar os socios de EROSKI club a realizaren as súas compras nos comercios e restauración de barrio**
- **A tarxeta de pagamento EROSKI Club transferiulles un aforro total en 2019 de case 2,3 millóns de euros aos seus máis de 278.000 titulares**

Elorrio, 22 de xullo do 2020.- [EROSKI](#) chegou a un acordo para apoiar o comercio local, un dos sectores máis castigados polas consecuencias da crise xerada polo COVID-19. A través deste acordo, EROSKI incentiva a actividade dos seus socios cliente ofrecendo un aforro do 5% de realizaren as súas compras no comercio local a través da tarxeta de pagamento EROSKI club.

O obxectivo deste acordo é apoiar o comercio de preto e incentivar os socios de EROSKI club a realizaren as súas compras nos comercios e restauración de proximidade. *"En EROSKI decatámonos do que sufriron outros comercios que, igual ca nós, lles dan vida aos barrios e supoñen riqueza para as familias e veciños. A través deste acordo queremos contribuir a facer promoción do comercio de proximidade como parte activa do tecido social dos nosos barrios"*, explicou o director de Relacións Institucionais e Externas de EROSKI, Josean Yela.

Esta iniciativa súmase ás campañas de solidariedade que puxo en marcha EROSKI os pasados meses con motivo da crise xerada polo COVID-19, coas que lles amosou o seu apoio aos colectivos máis vulnerables a través de institucións, entidades ou administracións públicas.

Aforro total transferido de case 2,3 millóns de euros

EROSKI puxo en marcha hai tres anos a súa tarxeta de pagamento EROSKI club, totalmente gratuíta e sen custas de emisión nin de mantemento. Converte en aforro para o seu titular o 1% do importe das compras pagadas fóra de EROSKI e

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



durante esta campaña ata o 15 de setembro ofrece, amais dese 1%, un 4% adicional en comercio e hostalería local. Os cartos ingrésanse na tarxeta EROSKI Club asociada, como saldo dispoñible polo Socio Cliente para as súas compras en calquera supermercado, hipermercado, gasolinera, óptica, axencia de viaxe ou tenda *online* da cooperativa. No 2019, a cooperativa transferiulles un aforro total de case 2,3 millóns de euros aos seus máis de 278.000 titulares. No 2019 hai que salientar, ademais, a dixitalización desta tarxeta, o que permitiu a alta dixital ao 100% tanto na tenda como *online*, amais doutras funcionalidades na web para os titulares da tarxeta.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE ÍZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)